



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Santiago de Compostela, **30 XULL. 2021**

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. D. Julián Barrio Barrio, actuando en representación da Diocese de Santiago de Compostela, en virtude da súa condición de arcebispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do "Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa", formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente realización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro dos ámbitos da súa competencia,



ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Santiago de Compostela ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmoble, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e a Diocese de Santiago de Compostela para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrencia pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu rexime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.





Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidade económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Santiago de Compostela

Pola súa banda, a Diocese de Santiago de Compostela comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.





Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.ga/>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade,



Román Rodríguez González

O arcebispo da Diocese de Santiago de Compostela



Julián Barrio Barrio



ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE A DIOCESE DE SANTIAGO

BEN: Igrexa de san Frutuoso
SITUACIÓN: Santiago de Compostela (A Coruña)
PROTECCIÓN: Edificio protexido polo seu valor cultural ao estar incluído no catálogo do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (unidade edificatoria 511134-nivel1, monumental). A cidade histórica conta tamén coa declaración de ben de interese cultural e Patrimonio da Humanidade.

ACTUACIÓN: Obra menor de reparación e reposición dos acabados exteriores das fachadas norte e sur da igrexa de san Frutuoso de Santiago de Compostela (exp: SAR-2021-0067)
INVERSIÓN ESTIMADA: 51.894,09 € (IVE incluído) PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 1 mes

Fruitosan

DESCRICIÓN:
<p>A igrexa de san Frutuoso (antiga igrexa das Angustias) ten planta central e todo se subordina á grande cúpula, que adquire extraordinaria importancia. Esta edificación, que posúe diversos antecedentes, atopa o máis inmediato na capela da Virxe dos Ollos Grandes da catedral de Lugo.</p> <p>O presbiterio érguese sobre o pavimento do resto da igrexa, a cúpula é de media laranxa recorrida por bandas refundidas entre as que se abren ventanais con lunetos, cegados a excepción dos catro que se corresponden con cada un dos brazos do cruceiro, con finalidade puramente decorativa.</p> <p>O máis rico en canto á ornamentación é o anel da cúpula, os elementos do que producen grandes efectos de claroscuro. Nas enxaitas dos arcos torais existe abondosa decoración vexetal, parecendo albiscarse xa certas formas de rocalla. O resto da igrexa cóbrese con bóveda de canón con lunetos.</p> <p>A tribuna dos pés está sostida por tres arcos trilobulados, con molduras moi saíntes que se apean en ménsulas a base de placas.</p>

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:
<p>Na igrexa de san Frutuoso o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela promoveu unha obra de mantemento. Esta actuación foi autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 26.07.2018.</p> <p>No seu desenvolvemento -ao dispor das estadas- compróbase que a limpeza prevista para as fachadas norte e sur é insuficiente, xa que o soporte aparece solto do paramento de soporte e fisurado e arenizado nalgúns puntos.</p> <p>A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, ante a situación descrita e entendendo que se trata dunha situación de urxencia, propón a súa reparación asumindo os custos necesarios dentro do programa orzamentario e das competencias que lle son propias a prol da conservación do patrimonio cultural. Así os seus servizos técnicos redactaron o Proxecto de obra menor da igrexa de San Frutuoso / Reparación e reposición dos acabados exteriores das fachadas norte e sur.</p>

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:
A actuación prevista consiste na substitución do revestimento existente nas fachadas norte e sur en mal estado e con risco de desprendemento, por un revoco de cal e acabado con pintura ao silicato.





BEN: Hórreo da casa reitoral de san Vicenzo do Grove

SITUACIÓN: A Igrexa, San Vicenzo do Grove, O Grove (Pontevedra)

PROTECCIÓN: O hórreo da casa reitoral de san Vicenzo do Grove está protexido polo seu valor cultural por ter a consideración de ben de interese cultural segundo o que establece o artigo 92.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016). Está incluído tamén no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave 36022_33097 e no catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento do Grove na ficha núm. 14.

ACTUACIÓN: Traslado do hórreo no recinto parroquial de san Vicenzo do Grove (exp.: SAR-2021-0070)

INVERSIÓN ESTIMADA: 20.000,00 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 1 mes

DESCRICIÓN:

O hórreo é de pedra de planta rectangular con celeiro.

A cámara está feita con sillares de pedra de 22 cm de espesor con aberturas horizontais labradas para ventilación na parte superior das tres primeiras fiadas de sillares. Ten unha abertura nunha das súas caras laterais e carece na actualidade de porta ou peche de carpintería de madeira.

O celeiro é un cerramento de pedra de 30 cm de espesor de mampostería concertada de pedra tosca cunha abertura no lateral que tampouco dispón de peche de carpintería de madeira.

A cuberta está resolta a dúas augas e con tella cerámica de material de cubrición. O seu estado de conservación é malo xa que na actualidade máis da metade está caída.

Dispón ao seu arredor dunha eira pétreo de 237,60 m².

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Actualmente, debido ao crecemento continuo do cemiterio parroquial, o hórreo quedou situado no interior do cemiterio da igrexa parroquial aínda que a súa ubicación debería ser no contorno da casa reitoral. A actuación permitirá unha lectura máis coherente do conxunto reitoral.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

A actuación consiste na desmontaxe do hórreo (co celeiro de pedra que ten por debaixo) e da soleira perimetral de pedra que compón a eira, numerando os perpiaños, para desprazalo á nova posición previamente autorizada, mantendo tanto a súa orientación coma a situación da soleira de pedra que o rodea, seguindo as seguintes condicións:

- As novas zapatas de cimentación executaranse soterradas, de xeito que non poidan quedar visibles en ningún momento.
- En relación coa estrutura de madeira da cuberta, procurarase conservar e restaurar a existente, se non fose posible (por mor do seu estado de conservación) executarase unha nova semellante á orixinal, co mesmo tipo de madeira serrada e as mesmas escuadrías.
- Numeraranse as pezas do eirado antes de proceder a súa desmontaxe e logo remontarase na nova ubicación asentándoas sobre o terreo, non empregando morteiros de cemento para o seu asento.

+Julin@am





BEN: Retablo de san Pedro e arcosolio da igrexa de santa María do Azogue
SITUACIÓN: Igrexa de santa María do Azogue, Betanzos (A Coruña)
PROTECCIÓN: A igrexa está protexida polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben de interese cultural con categoría de monumento (Decreto de 29.09.1944, BOE do 19.10.1944)

ACTUACIÓN: Restauración e reubicación do retablo de san Pedro e restauración do arcosolio tras o retablo na igrexa de santa María do Azogue (exp.: SAR-2020-007)
INVERSIÓN ESTIMADA: 76.313,49 € (IVE incluído) PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 7 meses

DESCRICIÓN:

A igrexa de santa María do Azogue está situada no núcleo urbano de Betanzos, sobre a Praza de Fernán Pérez de Andrade o Boo. Posúe unha planta basilical con catro tramos sen abovedar e tripla ábsida con bóveda de cruzaría. A capela maior ten traza poligonal, reproducindo o modelo que presentan os templos franciscanos e dominicos do momento, mentres que as outras teñen planta cadrada. Da ornamentación interior destaca o retablo da capela maior que ten o seu lugar central ocupado pola imaxe de santa María.

- Retablo

O retablo que se ve hoxe é o resultado da desafortunada intervención de comezos do século XX cando se desmontaron tres retablos (san Pedro, san Miguel e san Sebastián) que se cortaron e recolocaron noutro lugar inadecuado. Coas pezas do retablo de san Pedro e varias dos outros retablos conformouse e montouse o retablo de san Pedro que hoxe podemos observar. Dos outros dous retablos nada sabemos.

Consta dunha mesa de altar con credencias decoradas aos lados, unha predela ou banco con decoración de placas e dous corpos estreitos cunha soa rúa que albergan dúas fornelas semicirculares que acollen as tallas de san Pedro e san Sebastián. Toda a zona da mesa de altar é un engadido, do mesmo xeito que os *aletóns* que enmarcan o primeiro corpo, o abovedamento da fornela semicircular do primeiro corpo onde se presentan caras de anxos aladas sobre táboas sen policromar e un oco na parte central metálico onde poder acomodar a tiara papal da imaxe de vestir de san Pedro, algunhas táboas laterais do entaboamento e os *aletóns* do corpo superior.

A predela sobre a que se apoian os corpos superiores emprega como motivos decorativos as placas, moi ao estilo de Simón Rodríguez. Sobre esta, o primeiro corpo artículase ao redor da fornela semicircular onde a profundidade do van se incrementa ao dividirse en casetóns. O primeiro corpo soporta un entaboamento moi movido no que destaca a súa parte central. Nesta zona aparece un gran motivo que permitiría unha mellor interpretación iconográfica do conxunto. Hoxe en día non se conserva o elemento central posiblemente unha pomba como referencia ao Espírito Santo, pero si o seu marco, unha nube con seis refachos dourados sobre un soporte de forma circular e con decoración vexetal.

Sobre o entaboamento apóiase o segundo corpo. Un corpo superior articulado ao redor da fornela semicircular que se levanta sobre un soporte rectangular con decoracións de placas e unha peana central que avanza en planta e que sostén a talla de san Sebastián. Nos laterais pechan a composición senllos aletóns decorados con motivos vexetais que parecen reaproveitados. Na parte superior remata o escudo de san Pedro sobre unha venera sostido por dous tenantes, neste caso dous anxos.

- Arcosolio tras o retablo:

Os enterramentos dos séculos XIII ao XV responden a tres tipoloxías esenciais: laudas ou lápidas, *yacijas* exentas e *yacijas* protexidas baixo un arcosolio oxival. Estas dúas últimas ofrecen cuberta a dobre vertente ou con escultura xacente. Neste caso claramente sería o de arcosolio oxiva, do que se descoñece o paradiro e terminación do sepulcro así como a identidade da persoa que o albergou. As *yacijas* protexidas baixo un arcosolio oxival ofrecen un das fronteiras labradas, neste caso sería o norte e o xacente estaría orientado cara a cabeceira.

+ Julián





En canto á cronoloxía descoñécese se foi realizado tras a terminación do templo (1447) ou durante a súa construción. O que é case seguro é que sería da primeira metade do século XV.

Neste en concreto os motivos decorativos alcanzan a rosca externa do arco con motivos circulares, puntas de diamante e motivos vexetais entrelazados ao longo dun nervio.

O lenzo mural onde se empra o arcosolio parece presentar restos de retablo. Nas *enjutas* do arco presenta ménsulas antropomórficas que sosteñen semicolumnas de fuste curto con capiteis no que se representan aves. Nos saimeis unha Anunciación, a Virxe que parece manter un libro aberto na parte dereita, e o arcanxo san Gabriel cunha cartela na parte esquerda. Arcosolios con decoración moi similar xa se atopan no século XIV (Sepulcro do cardeal Gonzalo Eáns 1342, Sepulcro de cabaleiro da liñaxe dos Maldonado Santo Domingo de Ribadavia 1350). O tema da Anunciación pode considerarse como un selo distintivo das igrexas financiadas por Fernán Pérez de Andrade o Boo, como tamén o son o xabaril e o seu brasón. De feito o arcanxo e a Virxe da Anunciación, labrados na súa *yacija* convértense nos tenantes do seu escudo. Os talleres de Betanzos desenvolven a súa maior actividade na igrexa de san Francisco, financiada por Fernán Pérez de Andrade o Boo cara a 1387-1397 e continuarán o seu traballo na igrexa de anta María do Azogue terminada en 1447.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A patoloxía e estado de conservación do retablo e o arcosolio pódense resumir en:

-Retablo de san Pedro:

Estrutura: pequenas filtracións procedentes do muro posterior e o ascenso de humidade por capilaridade xeraron danos a nivel estrutural que non son moi severos. A madeira ao ser higroscópica sofre cambios dimensionais que se traduce na presenza de ataque biolóxico, separación dos paneis, deformacións debidas á oxidación de metais e movemento de táboas. Tamén se percibe de forma localizada a acción de insectos xilófagos.

Policromías e dourados: a presenza de sucidade en suspensión afecta a toda a superficie do retablo distorsionando a aparencia estética da obra. A superficie presenta tanto po fino como grosso. Con todo, a súa presenza non só constitúe unha alteración a nivel visual senón que degrada a pintura debido ás reaccións químicas que se producen ao entrar en contacto esta coa grossa capa de po en suspensión. Presenta repintes puntuais de natureza acrílica e ceras. A capa de protección orixinal está oxidada e aplicada de maneira heteroxénea.

- Arcosolio:

A falta de estudo pormenorizado, o soporte pétreo amósase en parte cuberto por un morteiro de varias capas de cal que oculta restos policromos. Aмосa tamén presenza de morteiros de cemento, acumulación de cascallos e desprazamento puntual de volumes pétreos.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural. Estes traballos resúmense en:

- Retablo de san Pedro:

- Actualización e/ou revisión do proxecto de restauración e implantación de medios.
- Estudos históricos e artísticos.
- Controis temporais de temperatura e humidade.
- Elaboración de mapas do estado de conservación.
- Fixación de estratos policromos.
- Eliminación de elementos alleos.
- Desmontaxe, previo siglado de pezas.
- Limpeza mecánica do anverso e reverso.
- Revisión da fixación da película pictórica.
- Tratamentos biocidas curativo-preventivos.





- Consolidación do soporte.
- Limpeza química do anverso e reverso. Eliminación de repintes.
- Tratamento de elementos metálicos.
- Reintegracións formais.
- Reintegración cromática.
- Montaxe (ancoraxe e illamento) do retablo na zona da nave lateral sur establecida ao efecto.
- Protección final.
- Redacción do informe final.

- Arcosolio:

- Actualización e/ou revisión do proxecto de restauración e implantación de medios.
- Desentullo e limpeza.
- Eliminación de cementos.
- Encintado.
- Saneamento e reintegración de volumes e amorteirado.
- Recuperación de fragmentos de policromía mural.
- Redacción do informe final.

+ Julián San



